



AXUDAS COMEDOR ESCOLAR XESTIÓN DIRECTA

CORONAVIRUS: COVID-19

(ORDE do 27 de marzo de 2020)

1. A QUE PERSOAS VAI DIRIXIDO?

A presente orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas ás familias do alumnado que ostenta a condición de gratuidade total e do que por renda familiar resulta pagador de 1 euro nos centros educativos públicos non universitarios xestionados pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que imparten os niveis de ensinanza básica obrigatoria no segundo ciclo de educación infantil, en educación primaria e no ensino secundario obrigatorio.

É dicir, **a familias que durante o curso escolar non pagan polo comedor, ou pagan 1€ polo mesmo.**

2. EN QUE CONSISTE A AXUDA?

Consisten nunha compensación do custo diario do menú por comensal, entendido como o servizo de comida ao mediodía, e polos días lectivos de suspensión da prestación do servizo como consecuencia das medidas adoptadas pola pandemia do COVID-19.

3. QUE AXUDA SE VAI PERCIBIR?

- Alumnado de **gratuidade** total : **2,50 €** por día
- Alumnado que **paga 1€** ao día: **1,50 €** por día

4. QUE DÍAS CUBRE A AXUDA?

- **MARZO:** Desde o día 16 de marzo ao 31 de marzo (**11 días lectivos**)
- **ABRIL:** Desde o día 1 de abril ao 3 abril (**3 días lectivos**)
- **PRÓRROGA:** si se prolonga cubrirase ata o 1 de maio (non incluído por ser festivo)

5. COMO SE VAI PAGAR?

En dous pagamentos:

1 pagamento: polo período de marzo e o de abril ata semana santa (3 abril).

2 pagamento: si se prorroga unha terceira situación de alarma ata o 1 de maio.



6. BENEFICIARIOS/AS

Familias que cumpren os requisitos económicos (punto 1) cun ou máis fillos/as escolarizados/as en centros educativos ao cargo da Consellería de Educación, Universidade e F.P.

7. SOLICITUDES. LUGAR E PRAZO PRESENTACIÓN

Prazo: desde o día **31 de marzo ao 6 de abril, ambos inclusive.**

Presentación: Presentarase obrigatoriamente por **medios telemáticos:**

- 1. Formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> .Para elo é necesario ter **certificado dixital, ou a chave 365.**

No caso de que algunha familia acredite dificultades para formalizar a solicitude por medios electrónicos, poderán solicitar ao centro educativo colaboración na formalización da solicitude para que cumprimente os datos na aplicación de comedor, da seguinte forma:

- Enviando un **correo electrónico a cpi.camino.santiago@edu.xunta.es** cos seguintes datos:
 - ✓ DNI do pai /nai:
 - ✓ Pagamento: gratuidade total ou abono de 1€
 - ✓ Nome do alumno/a:
 - ✓ Nome do pai/nai:
 - ✓ Número de cuenta bancaria (IBAN)

Ante calquera dúbida poden chamarnos en horario de 10:00 horas a 14:00 horas, aos tlf: 881 867 011 , 881 867 006, 608 661 240 ,650 552 291.

8. RESOLUCIÓN

Entenderase como medio de notificación da concesión o aboamento da compensación realizada pola Administración educativa na conta corrente do beneficiario.

O prazo máximo para resolver será de 10 días desde a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes

9. PAGAMENTO

O pagamento das compensacións realizarase logo da súa resolución, nun prazo máximo de 5 días.